

OS NENÚFARES DE MONET

[Giovanni Troilo, 2018]

475

PASES ÚNICOS: 14 e 15 de xaneiro de 2019 | V.O.S.E.

Water Lilies of Monet - The Magic of Water and Light (2018, 80')

Dirección: Giovanni Troilo

Guión: Giorgio D'Introno, Marco Pisoni, Giovanni Troilo

Elenco: Elisa Lasowski

Montaxe: Antonello Pierleoni

Son: Filippo Barracco, Matteo Bendinelli, Serena Mancarella, Michele Mazzucco

Música: Remo Anzovino

Produtora: Ballandi Arts (Italia)

Distribuidora: A Contracorriente Films,

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

William Kentridge Triumphs and Laments, 2016

Adele's Dream, 2013 [curtametraxe]

Caravaggio Criminale, 2013

Fan Pio the Weight of Holiness, 2012 [con Graziano Conversano]

SINOPSE

Unha viaxe a través das obras e obsesións persoais do xenio do Impresionismo. Desde a súa cidade natal, Giverny, pasando polos museos de Orsay, Orangerie ou Marmottan Monet, santuarios da obra do artista en Francia. O filme descóbrenos como Claude Monet conseguiu superar a depresión que o apartou temporalmente da pintura, para finalmente emerxer do seu ostracismo artístico. Un rexurdir que o levaría a entregarse en corpo e alma á súa obra máis colosal: a Grand Décoration.



TEMPADA DE ARTE

—
AS GRANDES FIGURAS DA ARTE NO CINEMA

1

OS NENÚFARES DE MONET

[Giovanni Troilo, 2018]

“Quero que Monet sexa o voceiro dunha idea de xustiza”

Entrevista con Giovanni Troilo

Por Samantha de Martin

Como nace a túa paixón por Monet e como mudou durante a realización do filme?

Inicialmente era unha paixón case inexistente, eran outros os pintores que chamaban a miña atención. Dei con el por casualidade, grazas a un traballo sobre as obras mestras perdidas que estaba a facer con Sky Arte. É un amor que nace cunha desaparición, a dun cadro preparatorio da *Grand Décoration* vista por Clemenceau, político, grande amigo e mecenas do pintor. Co tempo, pois, funme namorando.

Cal é o aspecto do artista que máis che interesaba transmitir no filme?

Quero que Monet sexa o voceiro dunha idea de xustiza, mesmo en tempos desfavorábeis, pois Monet pinta a *Grand Décoration* durante a guerra, case cego, e logo de perder a súa segunda muller e un fillo. Artisticamente fascíname a idea da busca dunha visión que represente o mundo contemporáneo.

Canto influíu a túa formación de fotógrafo e director de foto para facer un filme no que a luz e a cor son os protagonistas absolutos?

Era importante transmitir a gran paixón de Monet pola luz. Para facelo, seguramente o cinema ofrece posibilidades máis sinxelas que a pintura e fomos quen de satisfacer o desexo do pintor de capturar a inmediatez. Puidemos botar man de cousas fantásticas como os trinta segundos de cor pura sobre a pantalla ou as tomas completas co sensor infravermello.

Cando gravabas o filme tiñas xa unha idea sobre como montalo?

Absolutamente. Logo de tres anos de investigación viaxamos a Francia coas ideas claras. Mesmo a música foi escrita antes de filmar, tiñamos o filme na testa. Coñecía os lugares, a historia.

Lembras algún intre particularmente estimulante da viaxe a Francia? Unha posta de sol en Giverny. Curiosamente

a primeira vez que estiven alí non sentín a maxia pois estaba ateigadísimo de turistas. Nunha segunda ocasión, ao poder traballar cos xardiñeiros ao amencer, mergullándome no lugar, sentín unha total intimidade. Pero o momento máis fermoso, confeso, foi unha tarde de xuño na que fixemos unha viaxe en canoa. Máxico.

Que sensacións che causou a *Grand Décoration* nun primeiro encontro?

Axiña te decatás de que estás diante de algo histórico, outra dimensión, un tempo sagrado. É como unha experiencia de realidade virtual en 1927, coa que Monet consegue que o seu estanque sexa inmortal, un lugar pensado para restaurar a alma.

A que se debe a escolla de Elisa Lasowski, actriz coñecida pola súa participación en *Juego de tronos*, como guía desta viaxe?

Quería un personaxe internacional que tivese orixes francesas. Ollando a serie *Versailles* gustoume a súa bravura e o seu carisma. Reunímonos no set de rodaxe o primeiro día e entendémonos de inmediato. Estivo inmensa porque é difícil transmitir un personaxe tan complexo como o de Monet e ela conseguiu facer de intermediaria entre o artista, os seus lugares e o público.

Logo deste filme en que proxectos estás a traballar?

Nunha comedia negra en Bélxica, que agardo que estea lista o antes posíbel, e na terceira parte dun proxecto que inclúe unha obra de fotografía, un documental e un filme de ficción.

Para rematar, que teñen en común Giovanni Troilo e Claude Monet?

A barba [risas]. Brincadeiras aparte coído que hai esta forte obsesión por ofrecer unha ollada do mundo. Coído que emprendín unha investigación relacionada coa vida que espero non abandonar xamais, que me dea pulo sempre en todo o que faga. Trátase de atopar unha linguaxe común para falar ao público de cousas importantes. Cando atopas ese rexistro todo vira marabilloso.

Publicado en <http://www.arte.it>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La pintura desde el jardín, Claude Monet. Casimiro, 2012

Vida privada de los impresionistas, Sue Roe. Turner, 2008

Correspondencia, Paul Cézanne. A. Machado Libros, 1991

Sobre los artistas. Vol. 2, John Berger. Gustavo Gili, 208

Monet, nómada de la luz. Norma, 2017

TEMPADA DE ARTE AS GRANDES FIGURAS DA ARTE NO CINEMA

14 e 15 de xaneiro
Os nenúfares de Monet
(Giovanni Troilo, 80')

25 e 26 de febreiro
Van Gogh. Dos campos de trigo baixo ceos nubrados (Giovanni Piscaglia, 70')

25 e 26 de marzo
Degas, paixón pola perfección
(David Bickerstaff, 85')

29 e 30 de abril
O mozo Picasso (Phil Grabsky, 85')

6 e 7 de maio
Leonardo, quinto centenario
(Francesco Invernizzi, 90')

3 e 4 de xuño
Klimt & Schiele. Eros e psique
(Michele Mally, 90')

1 e 2 de xullo
Rembrandt (Kat Mansoor, 97')



NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org